

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR NO SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA, RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 13:00 horas do día 28 de agosto de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do expediente anteriormente referenciado.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**Francisco Javier García Guldrís**, Concelleiro delegado de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo**, Secretaria municipal do Concello de Ames

**Leopoldo Moure Dopico**, Interventor do Concello de Ames.

**Emilio Garrido Moreira**, Auxiliar administrativo do Servizo de Contratación

**Secretaria:**

**María Isabel Quintáns Rios**, Aux. Administrativo do departamento de Contratación.

Con data 30 de xuño de 2017 notificase á empresa Asociación Protectora Refuxio de Animais de Cambados, empresa clasificada en primeiro lugar no *Servizo de Lacería, Canceira, Recollida e Incineración de Cadáveres de Animais Abandonados do Concello de Ames*, a clasificación provisional de ofertas e requirimento de presentación de documentación para que no prazo de dez días hábiles achegue a documentación establecida na cláusula 21.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aos efectos de proceder a súa adxudicación definitiva.

O 17 de xullo a empresa presenta a seguinte documentación:

- 1) CIF da empresa.
- 2) Certificado de inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia como Asociación Protectora de Animais de Cambados
- 3) Acta de Constitución e Estatutos da Asociación.
- 4) Solicitud a Xunta de Autorización transportista, medios de transporte e contedores de animais vivos.
- 5) Solvencia técnica: Memoria da empresa coa relación dos principais servizos ou traballos executados nos últimos cinco anos.
- 6) Certificado de atoparse ao corrente coa Seguridade Social.
- 7) Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias co estado.
- 8) Certificado de disposición de recollida dos produtos e/ou subprodutos.
- 9) Convenio de colaboración entre o Concello de Cambados e a Asociación Protectora de Animais de Cambados.
- 10) Certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia.

11) Comunicación de inscrición no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia

12) Póliza de seguro de Responsabilidade Civil Explotación, Responsabilidade Civil Patronal e Defensa Penal e Reclamación de danos.

O 28 de agosto de 2017 recibise neste concello mediante correo postal xustificante de ter efectuado ingreso do importe correspondente a garantía definitiva mediante transferencia bancaria efectuada o 9 agosto de 2017

Unha vez examinada a documentación requirida á empresa adxudicataria do servizo, a Mesa de Contratación constata que ademais de que o xustificante de ter constituída a garantía definitiva foi remitido fóra de prazo o ingreso efectuado na conta bancaria municipal foi efectuado de igual maneira fóra de prazo, polo que en base ao artigo 151.2 do TRLCSP no que se establece que *"de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo nese caso a recavar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orden en se quedase clasificado"*, polo que a Mesa por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Propoñer ao órgano de contratación a exclusión do procedemento do *Servizo de Lacería, Canceira, Recollida e Incineración de Cadáveres de Animais Abandonados do Concello de Ames* a empresa Asociación Protectora Refuxio de Animais de Cambados, empresa clasificada en primeiro lugar ao non aportar en prazo a documentación requirida na cláusula 21.2 do PCAP.

**Segundo.-** Propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto do *Servizo de Lacería, Canceira, Recollida e Incineración de Cadáveres de Animais Abandonados do Concello de Ames* ao non existir mais licitadores no procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as trece horas e quince minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.

